



**Sr. Abel Caballero. Alcalde de Vigo.**

Asunto: Reclamación orzamento xeral do Concello de Vigo, aumentar partida para biblioteca, sala de lectura e usos múltiples en Teis.

Antonio Collazo Collazo, en calidade de presidente da Asociación Veciñal de Teis, con enderezo a efectos de notificación na rúa Gerardo Campos Ramos 2. Teis. 36207.Vigo.

**Expón:**

Que o pasado 16 de novembro de 2018, publicouse no boletín oficial da provincia de Pontevedra nº 221, o anuncio polo que se somete a información pública o orzamento xeral do Concello de Vigo para o exercicio de 2019.

Que estudada a documentación do orzamento xeral, observamos que a partida de 115.000 euros, que figura destina para biblioteca, sala de lectura e usos múltiples en Teis, é insuficiente para poder acondicionar o edificio que ocupaba o antigo centro de saúde de Teis, na rúa Enrique Lorenzo e que recentemente foi cedido pola seguranza social ao Concello de Vigo.

Desde a Asociación Veciñal de Teis, defendemos que este edificio cunha superficie de 1000 metros cadrados, poda acoller non só unha biblioteca se non ademais unha ludoteca e un local xuvenil.

Polo que entendemos que debe aumentarse esta partida a un importe de 964.000 euros.

**Solicita:**

Que polo exposto anteriormente se proceda a aumentar a partida, "**biblioteca, sala de lectura e usos múltiples en Teis**" por un importe de 964.000 euros (1.079.000 euros total partida) e retraendo esta cantidade da partida número 3260-2279917 "programa educativo aulas internacionais", ficando esta partida de 1.764.000 euros coa contía de 800.000 euros.

Vigo, 10 de decembro de 2018.



Antonio Collazo

Presidente da Asociación Veciñal de Teis

Asociación Veciñal de Teis  
CIF: 636646545

Gerardo Campos Ramos 2 - 36207 TEIS - Vigo - Tel. e Fax: 986 261 289 • [avteis@hotmail.com](mailto:avteis@hotmail.com) • [www.avteis.org](http://www.avteis.org)



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/12/2018 08:32

Páxina 1 de 2

Documento 180196244

CSV: 2CE851-C32EB9-C4CH37-E83S3Z-J1LHSL-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/12/2018 08:32

Páxina 2 de 2

Documento 180196244

CSV: 2CE851-C32EB9-C4CH37-E83S3Z-J1LHSL-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>